

CONVENIOS DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E CLUBS DEPORTIVOS PARA A ACTIVIDADE DE PATROCINIO POR PARTE DA ENTIDADE Á FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO DE ACORDO CO PLAN DE PATROCINIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN DE GALICIA PARA A TEMPADA 2023/2024 – 1ª FASE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O DIRECTOR-XERENTE DA FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, **DECLARA:**

Que esta FUNDACIÓN formalizou cos clubs que se detallan a continuación, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 18 de decembro de 2023 ata o 30 de xuño de 2024. A relación de clubs é a seguinte:

EXP	EQUIPOS
001	Ensino Lugo Club de Baloncesto A
002	Club Universitario de Ferrol
003	Club Deportivo Bosco A
004	Agrupación Deportiva Cortegada Carril Vilagarcía A
005	Club Baloncesto Arxil de Pontevedra A
006	Club Maristas A
007	Fundación Educación e Deporte de Santiago – FEDESA
008	Club Baloncesto Arxil de Pontevedra B
009	Agrupación Deportiva Manuel Peleteiro
010	Club de Baloncesto Seis do Nadal-Coia
011	Club Deportivo Bosco B
012	Ensino Lugo Club de Baloncesto B
013	Agrupación Deportiva Cortegada Carril Vilagarcía B
014	Club Polideportivo Esclavas
015	Club Maristas B
016	Club Basquet Coruña,S.A.D.
017	Club Orense Baloncesto SAD
018	Obradoiro Club Amigos del Baloncesto CAB
019	Club Baloncesto Chantada
020	Asociación Deportiva Bosco Ourense
021	Club Baloncesto Peixe Fresco Marín
022	Escola Basket Xiria
023	Club Baloncesto Culleredo
024	Club Estudiantes
025	Club Balonmano Porriño A
026	Clube Balonmán Atlét. Guardés-Guarda
027	Club Sociedad Deportiva Carballal
028	Sociedad Atlético de Redondela



029	Club Balonmano Porriño B
030	Clube Balonmán Cañiza
031	Asoc Deportiva e Cultural Asmubal Meaño
032	Club Balonmán Cangas
033	Club Cisne de Balonmano
034	Sociedade Deportiva Atlético Novás – O Rosal
035	Club Amfiv
036	Club Basketmi-Ferrol
037	Real Club Deportivo de la Coruña S A D A (feminino)
038	Viajes Interrías Fútbol Femenino
039	Club Peluquería Mixta de Friol
040	Sárdoma CF
041	Victoria Club de Fútbol
042	Club Victoria de Santiago Fútbol Club
044	Club de Fútbol Unión Deportiva Mos
045	Real Club Deportivo de la Coruña S A D B (feminino)
046	Lóstrego Club de Fútbol
047	Club Deportivo Lugo SA Deportiva (feminino)
048	Real Club Celta de Vigo SAD (1ª RFEF)
049	Real Club Deportivo de la Coruña S A D (masculino-1ª RFEF)
050	Club Deportivo Lugo SA Deportiva (masculino-1ª RFEF)
051	Club Deportivo Arenteiro
052	Pontevedra CF SAD
053	Corujo Club de Fútbol (2ª RFEF)
054	Sociedade Deportiva Compostela (2ª RFEF)
055	Ourense Club de Fútbol SAD (masculino-2ª RFEF)
056	Real Club Deportivo de la Coruña S A D (masculino-2ª RFEF)
057	Racing Club Villalbés
058	Ourense Club de Fútbol SAD A (feminino-1ª RFEF)
059	C.D. Burela F.S (feminino)
060	Club Poio Fútbol Sala
061	Marín Futsal
062	Club Viaxes Amarelle FS
063	Club Fútbol Sala Femenino Castro
064	Cidade das Burgas Fútbol Sala
065	Club Valdetires
066	Ourense Club de Fútbol SAD B (feminino-2ª RFEF)
067	Club Deportivo Mosteiro Bembrive F.S
068	Fútbol Club Meigas
069	Club Noia Fútbol Sala
070	C.D. Burela F.S (masculino)



071	O Parrulo FS
072	Club Hockei Barrocás
073	Club de Waterpolo Pontevedra
074	Hockey Clube Coruña Feminino
075	Hockey Club Cambre
076	O C de Hockey Club Raxoi
077	Hoquei Club Pontearreas
078	Hockey Club Liceo de la Coruña
079	Club Asociación Antiguos Alumnos Colegio Santo Domingo
080	Club Escola Lubiáns de Hockey e Patinaxe
081	A.C. Órdenes
082	Club de Rugby Arquitectura Técnica de La Coruña
083	Club Emevé A (feminino)
084	Club Instituto Zalaeta
085	Club Voleibol Orense
086	Club Deportivo Padre Faustino
087	Club Emevé B (feminino)
088	Club Deportivo Xuvenil Teis
089	Club Emevé (masculino)
090	Club Voleibol Cabo de Cruz
091	Club Deportivo Aldebarán de San Saturnino
092	Club Voleibol Dumbría
093	Club Vigo Voleibol
094	Burgas Voleibol
095	Club Bádminton Ravachol Pontevedra
096	Club Tenis de Mesa Cidade de Narón
097	Tenis de Mesa Monteporreiro (feminino)
098	Illas Cies Tenis de Mesa
099	Club del Mar de San Amaro (feminino)
100	Club Tenis de Mesa Mos
101	Tenis de Mesa Pontevedra
102	Arteal Tenis Mesa
103	Tenis de Mesa Monteporreiro (masculino)
104	Agupación Deportiva Vincios
105	Club Deportivo Vilagarcía Tenis de Mesa
106	Agrupación Deportiva Xuvenil Milagrosa
107	Club del Mar de San Amaro (masculino)
108	Club de Hockey Femenino Meigas
109	Club Bowling Celta A
110	Club Bowling Celta B
111	Club Esgrima Coruña (espada feminino)



112	Zalaeta 100Tolos (espada feminino)
113	Club Esgrima Coruña (espada masculino)
114	Zalaeta 100Tolos (espada masculino)
115	Club de Esgrima de Vigo El Olivo
116	Club Esgrima Atlántico
117	Club Deportivo Escola Hungaresa de Esgrima de Pontevedra
118	Real Club Deportivo de la Coruña S A D (xjuvenil)
119	Real Club Celta de Vigo SAD (xjuvenil)
120	Sociedade Deportiva Compostela (xjuvenil)
121	Club Deportivo Lugo SA Deportiva (xjuvenil)
122	Club Arosa Sociedad Cultural
123	Corujo Club de Fútbol (xjuvenil)
124	Escola Deportiva Val Miñor-Caixa nova
125	C. D. Choco

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte das Entidades á Fundación Deporte Galego así como a colaboración das partes na promoción do deporte de alta competición en Galicia, de acordo co Plan de patrocinio para a tempada 2023/2024 – 1ª fase.

Este patrocinio desenvólvese conforme ás prestacións publicitarias obrigadas e á proposta de melloras publicitarias presentada polas Entidades así como de conformidade co establecido no Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, tempada 2023/2024 – 1ª fase.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundamentouse no seguinte:

- I. A Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por obxecto a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia, en cuxa consecución está capacitada para a realización directa de actuacións e programas, ou en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.
- II. A Fundación, ten aprobado o Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, tempada 2023/2024 – 1ª fase, cuxo obxecto principal é a difusión da actividade e imaxes fundacional e da Comunidade Autónoma, así como a promoción do deporte de alta competición de Galicia, tendo por destinatarios as entidades con equipos nas máximas categorías estatais absolutas. En diante, o Plan.
- III. As Entidades contan cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante o Equipo.
- IV. Esta iniciativa, que comezou na tempada 2009/2010 logrou captar a atención dalgunhas das máis recoñecidas e prestixiosas empresas galegas como soporte publicitario para dar a coñecer a súa marca e os seus produtos. Tal foi o caso de Abanca Corporación Bancaria S.A. (ABANCA), unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da



Comunidade Autónoma de Galicia e que se incorporou como patrocinadora deste plan no ano 2015.

- V. Este patrocinio supón a consideración de ABANCA como patrocinador oficial do plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das restantes prestacións contempladas no presente Plan a favor de ABANCA.
- VI. Grazas á consolidación deste Plan e á implicación e compromiso das entidades patrocinadas, cumprindo estritamente coas esixencias publicitarias establecidas pola Fundación, para esta tempada 2023/2024 – 1ª fase, unha vez máis, todos os equipos obxecto deste patrocinio serán o escaparate perfecto para demostrar que o DEPORTE GALEGO é un soporte publicitario de altísimo valor para exportar polo mundo a imaxe do noso tecido empresarial galego e para poñer en valor a importancia do deporte como medio de fomento da actividade física.
- VII. O Plan de Patrocinio conta con dúas liñas de patrocinio:
 - a. Patrocinio con cargo á liña específica Xunta de Galicia.
 - b. Patrocinio con cargo á liña específica ABANCA.
- VIII. As seguintes entidades manifestaron na solicitude o desexo de acceder só á liña de patrocinio do primeiro apartado, presentando ademais a proposta de melloras para esta:
 - 1. Agrupación Deportiva Manuel Peleteiro (Baloncesto - Feminino)
 - 2. Club Baloncesto Seis do Nadal – Coia (Baloncesto – Feminino).
 - 3. Club Básquet Coruña, S.A.D. (Baloncesto – Masculino).
 - 4. Club Baloncesto Chantada (Baloncesto – Masculino).
 - 5. Club Deportivo Lugo SA Deportiva (Fútbol – Feminino).
 - 6. Real Club Celta de Vigo SAD "B" (Fútbol – Masculino).
 - 7. Club Deportivo Lugo SA Deportiva (Fútbol – Masculino - 1ª RFEF).
 - 8. Club Bowling Celta A (Bolos – Bowling – Masculino).
 - 9. Club Bowling Celta B (Bolos – Bowling – Masculino).
 - 10. Real Club Celta de Vigo SAD (Fútbol Xuvenil – Masculino).
 - 11. Club Deportivo Lugo SA Deportiva (Fútbol – Masculino – Xuvenil).
- IX. Logo da correspondente tramitación do expediente, as Entidades resultaron adjudicatarias no procedemento establecido para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan de Patrocinio.
- X. Conforme a todo o referenciado, as Partes, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluiron o ánimo de lucro, e non puideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase electronicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

